



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Secretaría

Convocatoria para a elección de Xuíz/a de Paz titular do Concello de Ponteceso

ANUNCIO

De conformidade co disposto nos artigos 101 e 102 da Lei orgánica do Poder Xudicial e no Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos xuíces de paz, ditouse a resolución de Alcaldía núm. 231/2023, de data 24-03-2023, mediante a que se acordou iniciar expediente para a elección de xuíz/a de paz titular do Concello de Ponteceso.

A tal fin, faise pública a presente convocatoria segundo o seguinte detalle:

Requisitos dos aspirantes:

- Ser español/a.
- Ser maior de idade.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade previstas no artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade e prohibicións reguladas nos artigos 389 a 397 da Lei do Poder Xudicial, e de conformidade co previsto nos artigos 14 e seguintes do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz.

Prazo e presentación de solicitudes:

Os/as interesados/as presentarán a correspondente solicitude, dirixida á Alcaldía, no Rexistro Xeral das oficinas municipais, en horario de atención ao público (de 09:00 a 14:00 h) ou no rexistro electrónico desta administración (<https://sede.ponteceso.gal>), no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, as solicitudes poderán presentarse en calquera dos outros lugares que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Documentación a achegar xunto coa solicitude:

As solicitudes estarán acompañadas da seguinte documentación, que terá carácter de orixinal ou copia compulsada:

- Certificado de nacemento ou DNI.
- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980, relativa a non estar inculcado nin procesado.
- Xustificación documental dos méritos que alegue o/a solicitante.
- Declaración xurada de non estar incapacitado, segundo o establecido no artigo 33 da LOPX e de non incorrer nas incompatibilidades e prohibicións establecidas nos artigos 389 e seguintes da LOPX, no que sexa de aplicación aos xuíces de paz.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ponteceso, 24 de marzo de 2023

O alcalde,

Xosé Lois García Carballido

2023/2209